



3

de festa
rachada



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




Obxectivos

Obxectivos desta unidade:

- ❖ Como propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas
- ❖ Como desculparse por algo e reaccionar ante unha desculpa
- ❖ Como expresar a necesidade ou o desexo de facer algo
- ❖ Como expresar gustos, teimas
- ❖ Como describir e valorar espectáculos, festas
- ❖ Como repartir tarefas

Coñecemento do código

- ❖ Adxectivos para valorar
- ❖ Substantivos relacionados co lecer
- ❖ Comidas e bebidas nas festas
- ❖ Rroupa de festa
- ❖ Léxico do mundo do espectáculo: cine, tele
- ❖ Recursos para propoñer, aceptar e rexeitar
- ❖ Presentes irregulares e presentes con alternancia vocálica
- ❖ Oracións subordinadas causais
- ❖ Expresións de frecuencia
- ❖ Vogais abertas e pechadas



Actividade introdutoria



1. Escoita estas conversas e responde estas preguntas: 

- Que queren facer Luís e Paco o venres pola noite?
- Con quen queda Rosa o venres, a que hora e para que?
- Que fai Laura que non responde ao teléfono?
- Onde vai ir Laura a fin de semana?



2. Escoita outra vez e completa na táboa as preguntas e respostas da conversa que manteñen Rosa e Luís.


SUXESTIÓNS	RESPOSTAS
..... para tomar uns viños?	Vale, pero
Nós quedamos para	De
A que	Paréceche ben
Onde	Pois
Que tal	Moi ben



Gramática e Léxico

Prácticas guiadas

1. Os nosos famosos



A Relaciona estes personaxes coas fotos. A que se dedican ou dedicaron?

1. Ana Kiro

4. Laxeiro

7. Luís Tosar

2. Afonso R. Castelao

5. Óscar Pereiro

8. Andrés do Barro

3. Morris

6. Mercedes Peón

9. Fernando Vázquez

B Que sabes deles? A cal prefires e por que? Escribe dúas frases para cada un e cóntallo ao resto da clase.

- *Eu coñezo a Ana Kiro, é cantante, sigo todos os seus concertos. Gústame porque ten moi boa voz.*

- *E non dormes ao escoitala?*

PRESENTES IRREGULARES


COÑECER	SAÍR	LER	TRAER
coñezo	saio	leo	traio
coñeces	saes	les	traes
coñece	sae	le	trae
coñecemos	saímos	lemos	traemos
coñecedes	saídes	ledes	traedes
coñecen	saen	len	traen

PRESENTES CON ALTERNANCIA VOCÁLICA

SEGUIR	DURMIR	PREFERIR
sigo	durmo	prefiro
segues	dormes	prefires
segue	dorme	prefire
seguimos	durmimos	preferimos
seguides	durmides	preferides
seguen	dormen	prefiren

2. Verbos

Completa usando verbos dos seguintes recadros en presente de indicativo.



- a) Que cando rematas un bo libro?
- un baleiro moi grande.
- b) ben despois de ver unha película de terror.
- Si, toda a noite e non me espertan nin os ronquidos do meu marido.
- c) Que despois de cear?
- Esta noite non, a miña serie preferida na televisión.
- d) a Amenábar?
- En persoa non o pero xa me gustaría, admiro moito o seu cine.
- e) Pedro sempre que lle fagan un desconto nas entradas para o teatro.
- f) Esa artista no escenario coma unha estrela.
- g) Eu nunca cando vou de viños, deixar o coche na casa.



3. Tempo de lecer

A Ordena estas actividades de lecer segundo as túas preferencias:

Lectura

Cine

Música

Deporte

Internet

B Busca dous ou tres compañeiros que prefiren a mesma actividade de ocio que ti marcaches en primeiro lugar. Con axuda das seguintes preguntas, descubre máis cousas en común con eles sobre esa actividade.

Lectura

Que tipo de libros che gusta ler?

Cal é o teu escritor favorito?

Cal é a última novela ou o último libro que liches? Gustouche?

...

Música

Que tipo de música escoitas?

Onde adoitas escoitar música? Por que?

Cales son os teus cantantes ou grupos favoritos?

Cal é o último CD que compraches? Como é?

...

Cine

Que tipo de películas che gusta ver?

Prefires o cine ou ver as películas na casa? Por que?

Cal é o teu director favorito? E o teu actor ou actriz preferido?

Cal é a última película que viches? Que che pareceu?

...

Deporte

A que deporte es afeccionado? Cales practicas?

Onde e con quen fas deporte?

Admiras ou segues a algún equipo ou deportista?



Cal é o último partido ou a última competición que viches?

...

Internet

Que clase de sitios web visitas cando navegas na internet?

Coñeces algún sitio especialmente recomendable?

Participas en chats con frecuencia? Tes algún bo amigo que coñeciches no chat?

Baixas programas da internet? Cales e para que?

...

Exemplos:

- *Que tipo de libros che gusta ler?*

- *Gústame moito a novela negra, e a ti?*

- *Eu prefiro a poesía. Cal é o teu escritor favorito?*

- *Vou á piscina porque nadar é moi bo para estar en forma.*

- *Pois eu prefiro xogar ao fútbol, xa que non é tan aburrido coma un deporte individual.*

EXPRESAR CAUSA E XUSTIFICARSE

Para preguntar a causa dunha acción, un suceso,..., usamos:

Por que?

Por que escoitas sempre música clásica?

Como?

Como non te animaches a vir ao concerto?

Para responder podemos usar:

porque, xa que, como

Vou nadar porque me relaxa

Quedou calada, xa que non soubo que responder

Como non me chamaches, marchei eu soa

é que (cando buscamos xustificarnos)

É que non tiven tempo

Valorar e describir un espectáculo ou un produto cultural

Viches *O lapis do carpinteiro*?

- Si, está moi ben.
- Si, gustoume moitísimo.
- Si, encantoume.
- Si, é unha marabilla
- Si, non me gustou porque é moi triste

Vocabulario relacionado con novelas, películas, series

- o título
- o/a personaxe
- o/a protagonista
- o argumento
- a sinopse
- a trama/a acción
- o director
- o autor

Xéneros de cine, televisión

- É unha comedia/É un drama
- unha película (novela) romántica/histórica/policial
- unha película
 - de acción
 - do oeste
 - de aventuras
 - de terror
 - de ciencia ficción

Tipos de programas de televisión

- un informativo
- un documental
- unha película
- unha serie
- unha telenovela
- un concurso
- un programa de deporte/de música/de entrevistas/de debate
- un programa infantil

4. A miúdo

A Con que frecuencia fas estas cousas? Usa expresións de frecuencia como:

Sempre, todos os días, os sábados, a miúdo, ás veces, case nunca, xamais...

ir ao cine

ir ao fútbol

ir a un concerto

ir ao teatro

ir a exposicións de arte

ir a unha festa gastronómica

cociñar para os amigos

ir cear a un bo restaurante

viaxar en tren

nadar

ir á praia

pasear só polo monte



xogar ás cartas

quedar con amigos

quedar só na casa a fin de semana

visitar a familia

- *Case nunca cociño para os amigos, prefiro invitalos a un bo restaurante.*

B Cando fixeches esas cousas por última vez? Valora a experiencia.

- *A última vez que fixen un cocido para os meus colegas foi un fracaso, os garavanzos quedaron duros, desde aquela prefiro quedar con eles de viños.*

5. De festa rachada

A Ides organizar unha festa para o resto da clase. Con tres compañeiros ou compañeiras decide o tipo de festa, o lugar, a data e a hora.

- *Que tal se facemos unha festa dos anos 70?*

- *Vale, e todos teñen que levar roupa desa época.*

B Escribide a invitación para os vosos compañeiros e poñédea no taboleiro para que se apunten os interesados.





C Organizade a festa tendo en conta quen serán os asistentes. Distribuíde as tarefas entre os membros do equipo. Elaborade tamén a lista da compra de cousas para a festa.

- Van vir dez persoas, así que temos que comprar bastante comida e bebida.

- Eu encárgome de ir ao supermercado, se vós facedes a lista da compra.

- Vale, necesitamos: botellas de viño, refrescos de laranxa e de limón...

- Quen trae a música dos anos 70?

Propoñer algo

Apetéceche...?

Queres...?

Que che parece se...?

Por que non...?

Que tal se...?

- *Que che parece se quedamos mañá pola noite?*

Aceptar unha invitación

Vale.

Si, como non.

Claro que si.

- *Queres vir tomar uns viños?*

- *Si, como non.*

Decoración

Copas

Pratos de plástico

Uns globos

Unhas candeas

Serpentinas

Roupa para festas

Unha máscara

Unha chaqueta

Unha gravata

Un traxe

Un vestido longo

Uns zapatos de tacón

Rexeitar unha invitación

Síntoo, é que...

Non podo, porque teño que...

Gustárame, pero...

- *Gustárame quedar contigo, pero hoxe teño que rematar este artigo.*

Repartir tarefas

Quen se ocupa de...?

Eu encárgome de...

É mellor se...

- *Ti ocúpaste de enviar as invitacións.*

Comidas e bebidas para unha festa

Unhas tapas de tortilla

Unhas patacas fritidas

Unha empanada de xoubas

Queixo e xamón

Unhas olivas

Uns refrescos

Unhas botellas de viño branco

Unha botella de cava

Unha torta de mazá

Uns pasteis

6. Benvidos á festa de Aldeavella

A Esta é a programación das festas na nosa vila.

Lédea e facede unha nota de prensa para enviar ao xornal e outra para enviar á radio.

Festa dos chícharos en Aldeavella

Sábado 14 de xullo

Pola mañá:

11.00 Pasacalle a cargo do grupo de gaitas Fol con fol.

12.00 Apertura do recinto feiral e degustación de chícharos... con arroz, con xurelos, con patacas...

Pola tarde:

19.30 Inauguración da área recreativa da praia fluvial.

20.00 Representación teatral na Casa da Cultura do grupo de teatro Ándaslle con ela.

Pola noite:

22.00 Actuación do grupo musical Tocaconosco.

Domingo 15 de xullo

Pola mañá:

11.00 Pasacalle a cargo da banda municipal de Aldeavella Fervellasverzas.

12.00 Apertura do recinto feiral e degustación de produtos típicos.

13.00 Pregón a cargo de Xosé Santomé.

Pola tarde:

19.00 Sesión de contacontos a cargo de Os máis sabios de Aldeavella.

20.00 Actuación do grupo folk, do grupo de cantareiras e do grupo de baile da asociación cultural Aldeavella.

Pola noite:

22.00 Actuación da orquestra Ven bailar Carmiña.

24.00 Sesión de fogos artificiais.

B Deseñade o cartel das festas do voso vila ou cidade. Valen festas gastronómicas!

2. Abertas e pechadas.



Escoita estas frases e marca o timbre das vogais dos verbos.

- Dormes ou non dormes no cine?
- Xulio non consegue nunca chegar a tempo a unha cita.
- Cando sae de esmorga sempre bebe cervexa.
- Segues xogando ao fútbol? -Non, agora xogo ás cartas.

FONÉTICA

SEGUIR

DURMIR

sigo

durmo

segues ε

dormes ɔ

segue ε

dorme ɔ

seguimos

durmimos

seguides

durmides

seguen ε

dormen ɔ





Cine en galego

1. Le estas fichas.

Sempre Xonxa


Sinopse: Xonxa, Pancho e Birutas medran xuntos. Na adolescencia Birutas emigra a América e por dez anos non dá noticias, ata que volve á aldea presumindo co seu fermoso traxe e bo coche, pensando que Xonxa o agarda. Pero Xonxa e Pancho casaron hai tres anos e teñen unha filla. Birutas convence a Pancho para que vaia a América mirarlle polos seus negocios. Pancho confía nel e marchan xuntos, pero Birutas faino embarcar só, volve á aldea e viola a Xonxa antes de marchar para América. Ao cabo duns meses Pancho volve só e enfermo, despois contará que Birutas o enganara e denunciara. Pancho vaise recuperando e volve á vida normal. Birutas regresa á vila para morrer.

Xénero e duración: drama/114'

Dirección: Chano Piñeiro

Ano: 1988

Elenco: Uxía Blanco (Xonxa), Miguel Insua (Birutas), Xabier R. Lourido (Pancho), Roberto Castelleiro (Caladiño), Roberto Vidal Bolaño (don Xosé Luís, o mestre), Rodrigo Roel (don Camilo, o cura).



Rosa dos ventos

Sinopse: o home de Rosa non volverá. Levouno o mar. Ela busca consolo nos recordos, pero descobre que non son abondo para calmar o baleiro de tantos anos de soidade. O mar é a clave na vida destas persoas, tanto para os que están, como para os que xa non.

Xénero e duración: drama/18'

Dirección: Jairo Iglesias

Elenco: Miguel Borines, María Castro, Fernando Morán.

O bosque animado



Sinopse: todos os días o Sr. D'Abondo e o seu fiel criado Rosendo atravesan a fraga de Cecebre. Ás veces, o desconfiado servente exclama: "Parece que estivese animado o bosque inteiro!". Así é, xa que, cando os humanos se afastan, a natureza transfórmase e amosa todo o seu esplendor, mentres árbores e animais viven en alegre e feliz harmonía. Non obstante, a man do home, que todo o altera, traerá ao bosque a desorde e a infidelidade. As toupas comezarán a desaparecer, as árbores xa non cantarán, os gatos revelaranse contra o home e as moscas dedicaranse a amolar máis do habitual. A toupa Furacriolos, a gata Morriña, o rato Piorno e a árbore Carballo, entre outros habitantes da fraga, xuntaranse para solucionar os problemas e levar de novo a harmonía ao... Bosque Animado.

Conta as aventuras dos habitantes dunha fraga galega. Baséase na novela homónima de Wenceslao Fernández Flórez.

Xénero e duración: animación 3 D/89'

Dirección: Manolo Gómez e Ángel de la Cruz

Producción: Dygra Films

Ano: 2001

Elenco: señores D'Abondo, Rosendo, Furacriolos, Morriña, Piorno, Carballo.

A lingua das bolboretas

Sinopse: Moncho convive co seu irmán Andrés, duns quince anos, mancebo de botica e aprendiz de saxofonista; Ramón, o seu pai, xastre, republicano moderado e tímido; e Rosa, muller piadosa que axuda ao seu marido e coida dos fillos. Andrés, o maior, vai ser contratado por unha charanga para que os acompañe polas verbenas e romarías co seu saxo. Na de Santa Marta de Lombás vai atopar un amor imposible que lle fará pasar, nunha noite de néboa e maxia, de ser un aprendiz non demasiado eficaz do seu instrumento, a tocalo como o máis virtuoso executante. Coa chegada da primavera, Don Gregorio saca as clases ao campo. Prometeralles a uns nenos ilusionados que, se lle mandan a tempo un microscopio que lle prometeran no Ministerio de Instrución Pública, poderán ver as partículas máis pequenas ou os diminutos órganos dos insectos como a lingua das bolboretas. O microscopio chegará tarde. Ninguén o utilizará. O día 18 de xullo de 1936 todo se rompe. Trunfa o levantamento militar. Baseada en tres contos de "*Que me queres amor*", de Manuel Rivas.

Xénero e duración: drama/95'

Dirección: José Luís Cuerda

Ano: 1999

Elenco: Fernando Fernán Gómez, Manuel Lozano, Uxia Blanco, Gonzalo Martín Uriarte, Alexis de Los Santos.



2. Viches estas películas? Se as viches, cal che gustou máis e por que?

Se non as viches, cal che gustaría ver e por que?

- *Eu vin La lengua de las mariposas, en castelán, pero xa hai tempo e non me acordo moito, só do final, así que non me importaría volver vela en galego.*

3. Despois da visualización da película (escollemos unha das catro, dependendo das respostas do alumnado), fai a crítica da obra por escrito.



Contido sociocultural

1. Le o texto e describe a foto.

A rapa das bestas de Sabucedo

Rapa das bestas, unha tradición centenaria

A rapa das bestas de Sabucedo, no concello da Estrada, enfronta, dende hai centos de anos, dúas forzas da natureza: home e cabalo. Os cabalos salvaxes desta terra xúntanse para ser rapados polos *aloitadores* da aldea. Miles de visitantes son testemuñas deste rito anual na primeira fin de semana de xullo.

Traballo para os mozos da aldea, pero tamén para os visitantes que acoden á cita. Os días dedícanse á rapa das bestas. Ás noites aínda quedan forzas para gozar da comida, do viño e da música.

Rapa das bestas, o monte

Cara ás sete da mañá empréndese a marcha; os veciños de Sabucedo, acompañados de moitos visitantes que os axudarán *á baixa*, soben aos montes. Os participantes poden deleitarse cunha paisaxe chea de regatos, grandes penedos e sendeiros onde pasar un bo día ao carón das bestas.





Localizada cada *grea*, rodéase, apertando o cerco, ata conseguir encamiñalas na dirección prevista, para logo conducilas ata a valgada do *Peón*, onde se reúnen todas as greas. Despois de picar algo, e xa calmados os ánimos, retómase a marcha cara a Sabucedo.

Rapa das bestas, o curro

O traballo no curro é o acto máis espectacular, pero tamén o máis perigoso.

É o xeito de realizalo o que diferencia a Rapa de Sabucedo do resto das feitas en toda Galicia, por non se utilizar máis armas có propio corpo e a forza do *aloitador*, unha loita corpo a corpo. Unha forma de actuar que se herdou de xeración en xeración: dous *aloitadores* van á cabeza e un ao rabo. Un salta enriba da besta e cabalga sobre ela. O que vaia ao rabo debe desequilibrar o animal. A besta pode quedar de pé ou ser derribada dependendo da súa forza. Cando queda inmovilizada, córtanse as *crinas*, que os cativos gardan. Este traballo apréndese desde novo, posto que son os rapaces quen inician o curro collendo os poldriños para separalos. O rapaz pequeno iníciase simbolicamente na mocidade.

O que acontece no curro non é doado de transmitir, o *aloitador* busca a súa propia identidade e autoafirmación. No curro só se rapan os cabalos e as eguas do Santo, xa que o resto son particulares, e serán os seus donos os que o luns nos seus propios *acurramentos* fagan as tarefas oportunas. Celébranse tres curros, o primeiro sábado de xullo arredor das 19:00 h, o domingo ás 12:00 h e o luns sobre as 12:30 h.

Os *aloitadores* non son un grupo profesional ou contratado a soldo, así descártase calquera interese de tipo particular ou persoal. Ata hai poucos anos, o papel da muller era secundario en canto ao curro se refire. Hoxe son varias as mozas que se atreven a *aloitar*. No ano 1936, por mor da Guerra Civil, foron as mulleres as que raparon as bestas nun *potro* coa axuda dos rapaces o dos máis vellos. É algo que as avoas de Sabucedo contan aínda hoxe con moito orgullo. Se queredes entender a rapa só existe unha maneira: ir a Sabucedo o día da festa!

(Documento adaptado de www.rapadasbestas.es)

Aloitador: loitador, mozo da aldea que rapa as bestas.

A Baixa: condución das bestas desde o monte ata o curro.

Grea: conxunto de gando, eguas e cabalos coas súas crías que se crían en liberdade.

Crina: conxunto de pelos longos e fortes que teñen algúns animais na parte superior do pescozo e no rabo, como o cabalo.

Acurramento: curro, lugar cercado onde se encerran os cabalos que viven en liberdade para lles cortar as crinas, marcar as crías etc.



2. Que che parece este tipo de festa?

3. Poden participar as mulleres na Rapa das Bestas de Sabucedo?


4. Participaches ti algunha vez? Como e por que?

5. Coñeces outros sitios onde se celebre a Rapa das Bestas?



Modelo Actividade Celga

1. Saímos?

Escoita a Carme e a Antonio falando sobre a programación da televisión e responde as seguintes preguntas. 

1) Hai algún concurso esta noite?

2) A que hora se pode ver un documental?

3) Por que non van poder ver a serie das viúvas?

4) En que canle lle gusta a Antonio ver as noticias?

5) Hai algunha película divertida esta noite?



6) Cando é o partido de fútbol?

2. As películas da nosa clase

Cales son as películas que máis che gustaron? Completa estas dúas fichas coa información. Leas na clase, os teus compañeiros terán que adiviñar de que película se trata.

Director: _____

Personaxes principais: _____

Personaxes secundarios: _____

De que trata: _____

Director: _____

Personaxes principais: _____

Personaxes secundarios: _____

De que trata: _____

- É unha comedia moi boa de Almodóvar. Conta a historia dunha parella de actores de dobraxe que rompen a súa relación. A situación complicase cando chega á casa da moza unha amiga que foxe da policía...

- Mujeres al borde de un ataque de nervios!



1. Nestas conversas perdeuse información, intenta completalas cos termos dos cadros. 

2. Despois comproba coa audición que son correctas.

3. En parellas intentade representar os diálogos, podedes cambiar o texto dando outras escusas.

A Conversa entre Xesús e Clara.

É que

porque

como

vale

e por que

XESÚS: _____ chegas tan tarde?

CLARA: _____ tiven que acompañar a Mercedes e a Arturo no meu coche.

XESÚS: _____ non marcharon a pé co cerca que viven?

CLARA: Ela atopouse mal na festa, por iso a tiven que levar á casa.


XESÚS: E logo o mozo, non podía?

CLARA: _____ el bebera unhas copas de máis.

XESÚS: E non me podías chamar para avisar que chegabas tan tarde?

CLARA: _____, tes razón, para a próxima chamarei.





B Conversa entre Lucía e Andrés.

perfecto queres que estupendo vale e se facemos
preferiría é que quedamos que che parece que tipo de
apetéceche aburrido que podemos facer daquela podemos ir

LUCÍA: Andrés, _____ esta tarde?

ANDRÉS: _____ ir ao cine?

LUCÍA: _____ algo diferente? Teño aquí a carteleira e hai cousas moi interesantes. Mira este espectáculo de danza.

ANDRÉS: _____ danza é?

LUCÍA: É ballet clásico.

ANDRÉS: Non, _____ algo distinto, iso é moi _____.

LUCÍA: _____ ao teatro.

ANDRÉS: _____ comeza moi cedo e hoxe teño que quedar ata tarde na oficina.

LUCÍA: _____ se imos ao concerto de Susana Seivane, é na praia e non empeza ata as 11?

ANDRÉS: Moito mellor, creo que poderá estar ben.

LUCÍA: Entón _____ ás 10? Darás saído a esa hora?

ANDRÉS: A ver... Non, case mellor ás 10.30.

LUCÍA: Ben, darei unha volta antes.

ANDRÉS: _____, paréceme ben

LUCÍA: _____ pase recollerte ao traballo?

ANDRÉS: _____.

LUCÍA: E aínda nos dá tempo a tomar algo antes.

ANDRÉS: Iso paréceme _____!

LUCÍA: Entón ás 10 espérote abaixo.

ANDRÉS: Ai, acabo de lembrar que esta noite quedei cos do equipo para ver o partido na taberna, é a final!

LUCÍA: Vaia, e para iso tesme media hora enredada facendo plans!



De zoca en zoca e tiro porque me toca!

1. Imos xogar falando de cousas relacionadas co lecer. Regras do xogo da zoca:

- Xogamos catro ou cinco persoas. Necesitamos o taboleiro, un dado e fichas (ou moedas).
- Cada participante tira o dado e move á casa correspondente. Terá que falar uns trinta segundos sobre o tema que aparece na cela ou cumprir a instrución que se pide.
- Cando un que cae na zoca ten que pasar unha quenda sen xogar.

Onde pasaches as últimas vacacións? 	A túa música preferida. 	Recomenda un libro. 		Un deporte que practicas. 
Un programa de TV que detestas. 	O teu actor preferido. 		Vivín unha aventura... 	Chatear ou falar por teléfono? 
Recomenda un restaurante. 	O último libro que liches. 	Un país que che interese. 	O programa da TV que máis che gusta. 	
Canta unha canción. 		Cine ou teatro. 	Invita un compañeiro a ir ao fútbol. 	A túa actriz preferida. 
Recomenda unha película. 	Comida caseira ou comida rápida. 	Un tipo de música que non che gusta nada. 		Unha festa típica. 
	Como che gusta divertirte. 	Unha película inesquecible. 	Invita un compañeiro contigo á praia. 	O teu domingo ideal. 



Que sei facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas			
Expresar gustos, teimas			
Expresar necesidade ou desexo de facer algo			
Describir e valorar espectáculos			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria.

[Conversa telefónica entre Rosa e Luís]

ROSA: Ola Luís, que tal?

LUÍS: Ben, por fin hoxe é venres!

ROSA: Quedamos entón para tomar uns viños?

LUÍS: Vale, pero ten que ser pola tarde porque ás dez xa quedei con Paco para ir ao cine. Queres acompañarnos?

ROSA: Pois non sei, porque medio quedara con Laura para ir ao teatro e non sei se xa comprou as entradas. Chámoa e dígocho. Que ides ver?

LUÍS: Botan *Rosa dos ventos* no Principal, unha curtametraxe galega que acaban de estrear esta semana, a ver se conseguimos entradas. Dixéronme que era moi boa.

ROSA: Pois non sei se Laura se animará, éche tan rara!

LUÍS: Se di que si, chámame axiña e vexo se podo conseguir entradas para os catro.

ROSA: Vale, vale, a ver onde a atopo a estas horas.

LUÍS: De momento nós quedamos para os viños, ou?

ROSA: De acordo.

LUÍS: A que hora?

ROSA: Pareceche ben ás oito?

LUÍS: Perfecto.

ROSA: Onde nos vemos?

LUÍS: Pois ti dirás.

ROSA: Que tal diante do Gaivotiña?, que poñen unhas tapas de lamber os dedos.

LUÍS: Moi ben, alí estarei, co larpeiro que eu son...

[Conversa telefónica entre Rosa e Laura]

ROSA: Que fas?, levo media hora chamando e non colles o teléfono!


LAURA: Durmo!!!! Que me espera unha fin de semana de traballo.

ROSA: E logo?

LAURA: Esqueiches que é a festa en Aldeavella, é a festa de máis sona da comarca, pero a min vaime tocar cazolear.

ROSA: Perdoa, non me acordaba. Pero é mañá, non?

LAURA: Si, pero como non durma hoxe, mañá non vou poder.



ROSA: E non compraches as entradas para o teatro?

LAURA: Ai, aínda non! Que cabeza a miña!

ROSA: Pois se prefires ir ao cine chamo a Luís e dígolle...

2. Modelo actividade Celga

Sáimos?

ANTONIO: Queres que vaíamos ao cine?

CARME: Esta tarde non me apetece saír. Que che parece se quedamos na casa vendo a tele?

ANTONIO: Non sei, porque a programación non me parece nada interesante.

CARME: A que hora poñen ese concurso tan divertido?

ANTONIO: *Cifras e Letras*? Moi cedo. Ás catro da tarde. Eu prefiro ver un bo documental.

CARME: Mira, hai un sobre as Rías Baixas ás seis da tarde. E esta noite podemos ver o capítulo seguinte da serie das viúvas.

ANTONIO: Xa non a poñen. Quitárona hai quince días. Esta noite a única posibilidade é ver as noticias da 2, e despois botan unha comedia na TVG.

CARME: Cal?

ANTONIO: *Esta casa é unha ruína*. Debe ser divertida

CARME: Non prefires ver o partido esta noite?

ANTONIO: Hoxe non hai partido. É mañá, por iso pensaba que sería mellor saír cear fóra.

3. Repaso

[Conversa entre Xesús e Clara]

XESÚS: Como chegas tan tarde?

CLARA: Porque tiven que acompañar a Mercedes e a Arturo no meu coche.

XESÚS: E por que non marcharon a pé co cerca que viven?


CLARA: Ela atopouse mal na festa, por iso a tiven que levar á casa.

XESÚS: E logo o mozo, non podía?

CLARA: É que el bebera unhas copas de máis.

XESÚS: E non me podías chamar para avisar que chegabas tan tarde?

CLARA: Vale, tes razón, para a próxima chamarei.



[Conversa entre Lucía e Andrés]

LUCÍA: Andrés, que podemos facer esta tarde?

ANDRÉS: Apetéceche ir ao cine?

LUCÍA: E se facemos algo diferente? Teño aquí a carteleira e hai cousas moi interesantes. Mira este espectáculo de danza.

ANDRÉS: Que tipo de danza é?

LUCÍA: É ballet clásico.

ANDRÉS: Non, preferiría algo distinto, iso é moi aburrido.

LUCÍA: Daquela podemos ir ao teatro.

ANDRÉS: É que comeza moi cedo e hoxe teño que quedar ata tarde na oficina.

LUCÍA: Que che parece se imos ao concerto de Susana Seivane, é na praia e non empeza ata as 11?

ANDRÉS: Moito mellor, creo que poderá estar ben.

LUCÍA: Entón quedamos ás 10? Darás saído a esa hora?

ANDRÉS: A ver... Non, case mellor ás 10.30.

LUCÍA: Ben, darei unha volta antes.

ANDRÉS: Vale, paréceme ben.

LUCÍA: Queres que pase recollerte ao traballo?

ANDRÉS: Perfecto.

LUCÍA: E aínda nos dá tempo a tomar algo antes.

ANDRÉS: Iso paréceme estupendo!

LUCÍA: Entón ás 10 espérote abaixo.

ANDRÉS: Ai, acabo de lembrar que esta noite quedei cos do equipo para ver o partido na taberna, é a final!

LUCÍA: Vaia, e para iso tesme media hora enredada facendo plans!